



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 5º

MATERIA: Ciencias Naturais

DOCENTE: María Vanesa Diz Vázquez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica as conclusións. • Expresa de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. • Emprega de forma autónoma o tratamento de textos. • Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
<i>Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións e diferentes soportes.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións seleccionando o material necesario, extraendo conclusións e comunicando o resultado. • Presenta un informe, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet,...) na realización de experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
<i>Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos atendendo ás súas características e tipos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as características e clasifica os seres vivos nos cinco reinos. • Coñece a clasificación dos seres vivos e as súas principais características. • Observa e identifica as características dos seres vivos e os clasifica atendendo a diferentes niveis.
<i>Investigar as características dos ecosistemas, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese e hábitos de respecto e coidado cara os seres vivos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e explica as principais características dun ecosistema. • Identifica algunha actuación humana que modifica o medio natural, e as causas de extinción de especies e coñece actuacións para o seu coidado.
<i>Coñecer as propiedades da materia e os estados da mesma, así como o paso de uns a outros.</i>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os cambios de estado e a súa reversibilidade.



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: Observacións, valoracións por escrito e recompilación de materiais. Instrumentos de avaliación: Preguntas sobre o tema por escrito, resolución de problemas explicando os pasos seguidos, fichas de recollida de información, traballos monográficos e pequenas investigacións.</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Partindo da nota da segunda avaliación, os traballos realizados na terceira servirán para manter esa nota ou sumar, en ningún caso restar.</i>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	Actividades de repaso dos temas dados, actividades para traballar competencias cos temas dados, vídeos explicativos e de repaso , PowerPoints con explicacións orais no caso da ampliación de temario,... e todas elas a través da Aula virtual do centro.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	Neste caso temos a sorte de que todos os alumnos, da materia, teñen a posibilidade de estar conectados e polo tanto en comunicación constante. A metodoloxía que pretendo continuar utilizando procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñendo especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais a pesar da distancia física. Promoveré un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe.
MATERIAIS E RECURSOS	Traballos prácticos, vídeos explicativos, recursos didácticos en internet, Edixgal, aula virtual,... .



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

**INFORMACIÓN AO
ALUMNADO E ÁS FAMILIAS**

Espazo Abalar, Aula virtual do centro CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño e Edixgal.

PUBLICIDADE

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/>